



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 12 DE NOVEMBRO DE 2020,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Decreto polo que se dispón que cese Lucas Martinón Torres como director xeral de Comunicación.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto derivado da contratación do acordo marco, suxeito á regulación harmonizada, do servizo de elaboración, produción e plan de medios da campaña de promoción dos recursos naturais, culturais e gastronómicos de Galicia, tramitado por procedemento aberto, tramitación anticipada e pluralidade de criterios; cun orzamento de licitación, sen IVE, de seis millóns cincocentos corenta e un mil trescentos vinte e dous euros con trinta e un céntimos (6.541.322,31 €) e un valor estimado de seis millóns cincocentos corenta e un mil trescentos vinte e dous euros con trinta e un céntimos (6.541.322,31 €).

**CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, suxeita á regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, do servizo de rede de telecomunicacións corporativa da Xunta de Galicia, por un orzamento de licitación de trinta e catro millóns setecentos cincuenta e catro mil novecentos oitenta e catro euros con nove céntimos (34.754.984,09 €), IVE incluído, e un valor estimado de sesenta e nove millóns cincocentos nove mil novecentos sesenta e oito euros con dezoito céntimos (69.509.968,18 €) (expediente AMT-2021-0007).

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universitat de Barcelona



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

(España) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a University College Cork, Ireland (Irlanda) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e tres mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (63.976,32 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Università degli Studi di Perugia (Italia) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de once mil euros (11.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de São Paulo (Brasil) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Università degli Studi di Roma La Sapienza (Italia) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a concesión directa de subvencións a centros docentes privados concertados para afrontar gastos de organización e funcionamento no curso 2020/21, derivados da covid-19, así como a realizar pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida de acordo co establecido no artigo 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por un importe total de sete millóns douscentos cincuenta mil once euros (7.250.011 €).

## INFORMES

### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe sobre as medidas de apoio das distintas administracións públicas dirixidas á hostalería para paliar a perda de actividade das empresas debido á pandemia da covid-19.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

- Informe sobre a modificación das bases reguladoras dos préstamos previstos no instrumento financeiro préstamos pemes Galicia-programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (nova liña de préstamos extraordinarios IFI covid-19).
- Informe sobre a resolución de concesión das axudas para o rescate de proxectos de investigación galegos presentados á convocatoria de expresións de interese do Instituto de Salud Carlos III (ISCIII) para o financiamento de proxectos de investigación sobre o SARS-CoV-2 e a enfermidade covid-19.

**CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Informe sobre as previsións da oferta de emprego público de 2020.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Informe sobre a declaración de área de rehabilitación integral nas parroquias do Buriz e dos Vilares (Guitiriz).

**CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

- Informe sobre a concesión de axudas para a realización de obradoiros duais de emprego e para a posta en práctica de programas integrados de emprego na Comunidade Autónoma de Galicia 2020/2021.
- Informe sobre a concesión de axudas para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas.

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Informe sobre os puntos de encontro familiar. Ampliación de horarios de apertura.

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre a presentación da primeira revisión do Plan forestal de Galicia: cara á neutralidade carbónica.



## A XUNTA DE GALICIA LANZARÁ UNHA GRAN CAMPAÑA DE PROMOCIÓN PARA POTENCIAR O XACOBEO E APOIAR O SECTOR TURÍSTICO

- *O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe un plan de promoción que se estenderá entre 2021 e 2022*
- *Esta iniciativa englobase dentro do conxunto de medidas que está a pór en marcha o Goberno galego para apoiar o sector turístico, un dos máis afectados pola pandemia de coronavirus*
- *Trátase de chegar a diferentes segmentos da poboación e atraer visitantes para apoiar a reactivación do sector turístico; así como seguir promovendo Galicia como un destino seguro*

A Xunta lanzará unha gran campaña de promoción para potenciar o Xacobeo 2021 e apoiar o sector turístico galego. Esta iniciativa englobase dentro do conxunto de medidas que está a pór en marcha o Goberno galego para axudar o sector turístico, un dos máis afectados pola pandemia de coronavirus e no marco do desenvolvemento de Galicia como un destino seguro.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o expediente de gasto relativo a este proxecto, que ascende a 7,9 millóns de euros. O seu obxectivo principal será chegar a diferentes segmentos da poboación e atraer visitantes para facilitar a reactivación do sector turístico no seu conxunto.

O turismo en Galicia viña rexistrando unha progresión ascendente nos últimos anos e chegou a bater cifras récord. En concreto, en 2019, Galicia recibiu 5,1 millóns de turistas e máis de 347.000 peregrinos, o maior número da historia. Con todo, esta boa evolución viuse alterada pola pandemia de coronavirus, que afectou todo o mundo e, moi especialmente, os principais emisores do mercado turístico galego: Portugal, Alemaña, Estados Unidos, Italia, Francia e Reino Unido.

Por iso, ante as circunstancias actuais e a celebración en 2021 do Ano Santo, faise especialmente necesario desenvolver unha gran acción de promoción que dea a coñecer á cidadanía o Xacobeo 2021, o Camiño de Santiago e todos os recursos naturais, culturais e gastronómicos de Galicia. Ademais, para promover ante os posibles visitantes que Galicia é un destino seguro que cumpre con todas as garantías sanitarias.

Deste xeito, procúranse atraer visitantes e complementar así o resto de medidas de apoio ao sector que está levando a cabo o Goberno galego, como os 8 millóns de euros do programa Galicia Destino Seguro, que incluíron formación e apoio para que as empresas se adaptasen ás novas circunstancias; ou os 5 millóns de euros do Bono turístico, dirixido a inxectar liquidez nas empresas da industria.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O período de execución deste plan de promoción prolongarase durante 12 meses, entre o primeiro trimestre de 2021 e o de 2022. En canto ao acordo marco, ten unha vixencia ampla, prevense, polo menos, cinco campañas de impacto autonómico e nacional centradas no Xacobeo 2021; nas campañas de verán e outono do próximo ano, e na de primavera de 2022; e unha campaña interna dirixida a concienciar sobre a necesidade de darlles unha boa acollida aos visitantes durante o Ano Santo.

Estas campañas son estimativas e non vinculantes, xa que se irán adaptando ás circunstancias, á evolución da demanda turística e ás necesidades de comunicación que haxa no momento, co obxectivo de optimizar as campañas para que sexan o máis beneficiosas posible para o sector turístico galego.

### **Procedemento aberto**

A adxudicación do acordo marco para esta iniciativa realizarase por un procedemento aberto e adxudicarase aos tres licitadores que acaden a maior puntuación. Posteriormente, estes licitadores competirán presentando as súas ofertas para poder seren adxudicatarios en cada un dos contratos que deriven das distintas campañas específicas.

As campañas incluírán anuncios en televisión, radios, prensa, revistas e edicións dixitais; así como en exteriores, a través de soportes urbanos ou autobuses.

## O NOVO CONTRATO DA REDE DE TELECOMUNICACIÓNS DA XUNTA PERMITIRÁ IMPLEMENTAR MELLORAS PARA DAR RESPONSA ÁS EXIXENCIAS DUNHA ADMINISTRACIÓN INTEGRAMENTE DIXITAL

- *Reforzará a capacidade destas infraestruturas para potenciar as canles dixitais de cara aos cidadáns e facilitar os novos modelos de teletraballo dos empregados públicos*
- *Prevé a implantación dun sistema de videoconferencia, comunicacións unificadas e un servizo de retransmisión en vídeo directo (streaming)*
- *Duplícase o largo de banda do acceso á internet da rede corporativa no ámbito educativo, que chegará aos 20 xigas, ademais de dispor dunha liña de apoio*
- *En canto á telefonía móbil, co mesmo importe do contrato anterior, conséguense unha tarifa plana de datos para todas as liñas, así como novas ferramentas de seguridade e xestión corporativa*
- *Respecto á telefonía fixa, o novo contrato recolle un aforro por liña de entre o 20% e o 30% respecto do anterior*

A Xunta de Galicia licitará nos vindeiros días o contrato da súa rede corporativa de telecomunicacións cuns requisitos que permitirán reforzar esta infraestrutura, que sustenta todas as comunicacións e os servizos dixitais da Administración autonómica, para potenciar as canles dixitais de cara aos cidadáns e os novos modelos de teletraballo dos empregados públicos.

Un proceso que afondará nas melloras acadadas os últimos anos, como triplicar o largo de banda de máis de 2.300 centros de servizos públicos, a ampliación a 10 xigas da capacidade do acceso á internet da rede corporativa ou a integración na rede corporativa dos servizos de telefonía de preto de 1.400 centros públicos.

O novo contrato da rede corporativa da Administración autonómica, que abrangue os servizos de telefonía fixa, móbil e da internet de 3.000 centros da Xunta, establece as condicións e evolucións necesarias para adaptar a rede de telecomunicación corporativa ás exixencias dunha Administración integramente dixital. O importe de licitación é de 42 millóns de euros para os próximos 3 anos, dos cales uns 9 millóns terán que destinarse ao investimento por parte dos operadores adxudicatarios.

### Novos servizos

Entre as melloras que recolle o novo contrato está a implantación de novos servizos como un sistema de videoconferencia destinado a 40.000 docentes, 3.000 empregados públicos do ámbito xudicial e outros 2.000 da Administración xeral. Tamén se prevén ferramentas para o emprego dos teléfonos corporativos da Xunta de Galicia desde calquera localización, algo necesario no contexto do teletraballo.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

Tamén inclúe a dotación dunha plataforma de vídeo directo (*streaming*) avanzado que posibilita a retransmisión de vídeos en directo, necesaria para accións de comunicación en liña como os seminarios web (*webinars*).

**Reforzo da rede de datos**

En canto á conexión á internet, refórzase especialmente no ámbito educativo, con dúas liñas adicionais dedicadas en exclusiva a Educación, e duplicando a velocidade de conexión da rede corporativa, que pasa de 10 a 20 xigas e que estará redundada no Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI) e no CPD de apoio.

Con esta licitación prevese tamén unha mellora substancial na capacidade das liñas de comunicacións de boa parte dos centros da rede corporativa da Xunta de Galicia.

**Telefonía móbil e fixa**

No caso da telefonía móbil, co mesmo importe de licitación que no anterior contrato adjudicado en 2014, obterase unha tarifa plana de datos para todas as liñas móbiles. Tamén se recolle o emprego de novas ferramentas de xestión corporativa dos dispositivos móbiles que permitirá un tratamento similar ao que se fai cos ordenadores persoais, e prevese a incorporación de novas ferramentas de seguridade específicas para dispositivos móbiles.

Ademais, o contrato establece, en caso de necesidade, a obriga de que o operador oferte á Administración unha tarifa especial dun máximo de 15 euros mes por 500 xigas para poder facilitarlles a conectividade a alumnos de familias en situación de vulnerabilidade.

En canto á telefonía fixa, o novo contrato permitirá un aforro por liña de entre o 20% e o 30% respecto do anterior.

O novo contrato recolle, tamén, a renovación de todas as centrais de telefonía fixa, que se xestionarán desde unha infraestrutura centralizada no CPDI e CPD de apoio, o que mellorará as funcionalidades dos usuarios e simplificará moito as tarefas de mantemento e actualización.



## A XUNTA PROMOVE O ESTUDO DO GALEGO EN IRLANDA, ITALIA, BRASIL E NA COMUNIDADE DE CATALUÑA CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 110.000 EUROS

- *O Consello dálle o visto e praxe á renovación dos convenios coa Universitat de Barcelona, a University College Cork, a Università degli Studi di Perugia, a Università degli Studi di Roma La Sapienza e a Universidade de Sao Paulo para a docencia, investigación e promoción da lingua e cultura galegas*
- *Dáselle continuidade aos convenios asinados nos últimos meses que permiten que o galego sexa obxecto de estudo en 36 universidades nacionais e internacionais*

A Xunta de Galicia acaba de renovar a súa colaboración con universidades de distintas partes do mundo para promocionar a lingua, a literatura e a cultura galegas no ámbito académico tanto en España como en países como Irlanda, Italia ou Brasil, cun investimento de máis de 110.000 euros. Concretamente, no eido internacional o Goberno galego deu luz verde á colaboración coa University College Cork (Irlanda), a Università degli Studi di Perugia (Italia), a Università degli Studi di Roma La Sapienza (Italia) e a Universidade de São Paulo (Brasil), onde só no pasado curso estudaron materias vencelladas coa lingua ou a cultura galega preto de 250 alumnos. En España, renóvase a colaboración coa Universitat de Barcelona.

En todos os casos a achega da Consellería de Cultura, Educación e Universidade permitirá a docencia, investigación e promoción da lingua e a cultura galegas, así como a organización de cursos, conferencias, seminarios, congresos etc. Ademais da contía económica, o Goberno autonómico prestaralle a orientación e o apoio pedagóxico e didáctico ás universidades que así o demanden e difundirá as actividades desenvolvidas ao abeiro deste acordo.

Con estes convenios, a Xunta de Galicia dálle continuidade ao seu traballo pola promoción da lingua galega en distintas partes do mundo, despois de que nos últimos meses se aprobase a colaboración con outras institucións académicas de varias comunidades españolas e países como Alemaña e Portugal, por un investimento superior aos 200.000 euros.

### **Presenza do galego no ámbito académico**

Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en 36 universidades (9 nacionais e 27 internacionais). Dentro delas, 27 contan con lectores –licenciados en Filoloxía Galega–, asentados en departamentos coñecidos como o Centro de Estudos Galegos, que imparten materias de Lingua Galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Así mesmo, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.





## A XUNTA CONTINÚA REFORZANDO O APOIO AOS CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS PARA A PREVENCIÓN DA COVID-19

- *A Consellería de Cultura, Educación e Universidade está investindo uns 162 millóns de euros no sistema educativo co fin de atender as necesidades hixiénico-sanitarias derivadas da pandemia e, deste xeito, garantir a máxima seguridade nas aulas*

A Xunta de Galicia continúa reforzando o apoio aos centros educativos galegos a través de distintas accións dirixidas a implantar medidas hixiénico-sanitarias que actúen como prevención ante a covid-19.

Neste paquete xeral de medidas -cun investimento total de 162 millóns de euros-, hoxe o Consello da Xunta deu o visto e prace a unha liña de subvencións aos centros concertados, que aglutinan o 25% do alumnado. Dotada con 7,2 millóns de euros, a finalidade é contribuir a afrontar os gastos de organización e funcionamento nas etapas de ensino obrigatorio no actual curso 2020/21, que se ven incrementados pola adopción de medidas específicas de prevención da pandemia como é o incremento de horas de profesorado, a necesidade de adecuar espazos educativos, instalar anteparos ou a adquisición de material hixiénico-sanitario.

Esta liña de apoio de carácter excepcional responde á obriga da Administración de favorecer ao máximo as garantías de seguridade de todos os centros educativos e do conxunto da comunidade educativa, ao mesmo tempo que preservar a actividade lectiva presencial para todos os niveis e etapas educativas, con prioridade para o alumnado de menor idade.

### **Recursos humanos, equipamento e servizos**

Do total dos 162 millóns de euros, a meirande parte do esforzo orzamentario absórbea a dotación de recursos humanos, con case 94 millóns de euros que inclúe a contratación de máis profesorado; seguido da dotación de equipamentos necesarios no escenario covid (como a dotación tecnolóxica, a instalación de elementos de seguridade e a realización de obras, entre outros), ao cal se destinan 43,5 millóns de euros; e a atención e o reforzo de servizos como o comedor escolar ou a limpeza entre outros, cun orzamento de 25 millóns de euros.

Entre as iniciativas postas en marcha cómpre destacar a contratación de 2.300 docentes a maiores para atender o desdoblamento de aulas e o reforzo educativo en todos os centros onde era necesario para cumprir cos protocolos sanitarios e garantir a presencialidade nas aulas.

No que atinxe ao servizo de comedor escolar, a Consellería reforzou este servizo complementario coa contratación de máis persoal, ben aumentando o número de



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

voluntarios autorizados (no caso de xestión directa), ben modificando á alza os contratos das adxudicatarias para que reforcen a contratación de máis monitores (nos de xestión indirecta). Ademais, blindáronse as liñas de apoio ás Anpa que xestionan servizo de comedor, o que permitiu que puideran incrementar as prazas ofertadas. Así mesmo, reforzouse o servizo de limpeza dos centros públicos cun investimento adicional de 1 millón de euros.



## A XUNTA PROPÓN UN APOIO TRANSVERSAL DO CONXUNTO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS Á HOSTALERÍA

- *A Xunta porá en marcha este mesmo mes axudas específicas para o sector, que oscilarán entre 2.200 e 7.200 euros*
- *O sector precisa da implicación do resto de administracións públicas, cada unha dentro das súas competencias*
- *O informe propón que o Goberno central adopte medidas como a redución do IVE, igual que fixeron outros países europeos, ou a prolongación dos ERTE*
- *Tamén sinala a posibilidade de adoptar outras medidas como as ampliacións dos períodos de carencia dos créditos privados ou públicos ou a bonificación ou aprazamento das cotas de autónomos*
- *Pon en valor o traballo dos concellos que están axilizando as adaptacións das licenzas ou eliminando ou aprazando o pagamento de tributos*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe que dá conta das axudas que o resto de administracións públicas podería outorgar á hostalaría dentro das súas competencias, e que completaría así o paquete de medidas de apoio nas cales xa está traballando a Administración autonómica. O obxectivo sería conseguir crear unha rede de apoio transversal para o sector.

O sector da hostalaría está resultando especialmente afectado pola epidemia de coronavirus e polas restricións sanitarias adoptadas para atallala. Por iso, é especialmente necesario acadar o compromiso de todas as administracións implicadas.

Neste sentido, cómpre recordar que a Xunta porá en marcha este mesmo mes un paquete de axudas destinadas ao sector, que se están ultimando en diálogo permanente cos seus representantes.

En concreto, o Goberno galego activará tres liñas de axudas ás cales se poden adherir os establecementos hostaleiros. Así, hai dúas liñas do Plan de rescate de persoas traballadoras autónomas e microempresas, ás cales se sumará o novo apoio específico anunciado no anterior Consello da Xunta. As tres liñas son compatibles entre si, polo que, reunindo os requisitos necesarios, os empresarios poderán beneficiarse de xeito simultáneo de todas elas.

A liña específica para o sector da hostalaría -servizos de comidas e bebidas e aloxamentos- busca axudar os establecementos afectados polo peche derivado das actuais e necesarias medidas sanitarias para evitar a propagación da covid-19 nos concellos galegos con maior incidencia epidemiolóxica.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Así, as axudas aos establecementos hostaleiros máis afectados poderían ir desde un mínimo de 2.200 ata un máximo de 7.200 euros.

Ademais, hoxe mesmo, o Consello tamén aprobou unha nova liña de préstamos para achegar liquidez aos autónomos, ás microempresas e pemes con máis problemas de liquidez e dificultades para acceder ao sector privado, entre as cales se atopan o ocio nocturno ou a hostalaría. Trátase de facilitar créditos de entre 3.000 e 500.000 euros a cada negocio para que poidan atender os pagamentos de salarios, alugueiros ou impostos.

### **Redución do IVE e prolongación dos ERTE**

Con todo, para dar un apoio integral ao sector, a Xunta destaca a necesidade dun maior compromiso do Goberno central, que aínda non adoptou ningunha medida específica para a hostalaría. Entre outras, a Administración autonómica reitera a súa demanda de reducir temporalmente o IVE ao 4 por cento, seguindo a liña do que fixeron outros países como Alemaña, Austria, Bélxica, Italia, Reino Unido, Grecia ou Irlanda.

Moitos destes países, ademais, habilitaron axudas directas desde os gobernos centrais para apoiar este sector, como foi o caso de Alemaña, Francia ou Reino Unido. Outros países optaron por pór en marcha bonos ou axudas aos cidadáns para incentivar o consumo na hostalaría -como Bélxica, Reino Unido ou Francia-, e mesmo compaxinaron ambas medidas.

Ademais, a Xunta reitera ante o Goberno central a petición de que se prolonguen os ERTE do sector ata maio de 2021. Propón tamén a posibilidade de que o Goberno central adopte outras medidas que aliviarían a situación do sector, como a ampliación do período de carencia e os prazos de carencia dos créditos privados ou das liñas de crédito público; ou a bonificación ou o aprazamento das cotas de autónomos, do IRPF e do imposto de sociedades para empresas do sector.

Por outra banda, no informe tamén se coñeceron algunhas das medidas tomadas por diferentes concellos para axudar o sector, así como por parte dalgunhas deputacións provinciais que mesmo teñen activado axudas específicas para a hostalaría.

Neste sentido, púxose en valor este traballo e destacouse a necesidade de que tanto os municipios como as deputacións continúen afondando nesta liña de traballo, a través de iniciativas como a axilización de adaptacións de licenzas ou a eliminación, o aprazamento ou a limitación do pagamento de tributos, como o das terrazas.

## A XUNTA PON EN MARCHA UNHA NOVA LIÑA DE PRÉSTAMOS QUE ACHEGARÁ LIQUIDEZ AOS AUTÓNOMOS, ÁS MICROEMPRESAS E PEMES CON MÁIS PROBLEMAS DE LIQUIDEZ DURANTE A COVID-19

- *Facilita créditos de entre 3.000 e 500.000 euros a cada negocio para atender as súas necesidades, como o pagamento de salarios, alugueiros ou impostos*
- *O obxectivo é axudar os sectores que teñen máis dificultades para acceder ao financiamento privado, como o ocio nocturno e a hostalaría, a industria cultural, as orquestras, a economía social, o comercio estacional e as feiras*
- *Os beneficiarios desta iniciativa terán ata sete anos –incluíndo tres de carencia– para amortizar os créditos, con xuros baixos e próximos ao 0%*
- *A medida prevé a simplificación de trámites e requisitos para a aprobación e estará incluída nos instrumentos financeiros innovadores (IFI) que están á disposición das empresas galegas*
- *Enmarcados no Plan de reactivación económica, os préstamos complementan o resto de programas de axudas ao financiamento que desde o comezo da pandemia activou a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación*

O Goberno galego destina 10 millóns de euros a facilitar préstamos directos aos autónomos, ás microempresas e pemes que teñen máis problemas de liquidez e máis dificultades no acceso ao crédito privado. A nova liña de financiamento da que se informou hoxe no Consello da Xunta chegará créditos de entre 3.000 e 500.000 euros por negocio e complementa as medidas xa postas en marcha para poder atender as necesidades dos profesionais e sectores empresariais máis afectados pola covid-19.

Así, os autónomos e as empresas que se dedican a ocupacións como a economía social, o ocio nocturno e a hostalaría, a industria cultural e de lecer, as que realizan a súa actividade principalmente no verán, como as orquestras; e as que non teñen un emprazamento único, como os feirantes, entre outros, poderán acceder a créditos xuros baixos e próximos ao 0% e disporán dun prazo para a devolución de ata sete anos, nos cales están incluídos tres de carencia.

Apoiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), estes préstamos forman parte do Programa de instrumentos financeiros innovadores, activado pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación en 2017. Para que se poidan beneficiar o maior número de microempresas, pemes e autónomos e para axilizar a achega dos apoios, a nova liña prevé a simplificación de trámites e requisitos precisos para a concesión dos créditos.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Esta medida complementa o resto de programas de axudas ao financiamento ao tecido empresarial postos en marcha desde o comezo da pandemia pola Xunta e que inclúen a liña de préstamos avalados e a de microcréditos.

Estas iniciativas foron deseñadas seguindo as recomendacións do Comité de Expertos Económicos encargado de asesorar a Xunta e forman parte do Plan de reactivación e dinamización de Galicia, que ten como obxectivos fundamentais recuperar a economía da Comunidade, facilitar a transformación do tecido empresarial –especialmente no caso dos autónomos, microempresas e pemes– e manter e xerar emprego nos sectores máis golpeados pola covid-19.





**A XUNTA APOIA CON 3 M€ O DESENVOLVEMENTO DE 15 PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN GALEGOS PARA AVANZAR NA LOITA CONTRA A COVID-19**

- *Nove iniciativas de fundacións que desenvolven o seu labor no eido sanitario e seis de universidades galegas investigarán a caracterización clínica e biolóxica da enfermidade, técnicas de diagnose virolóxica rápida, terapias innovadoras e a análise masiva de datos orientados ao control epidemiolóxico*
- *Trátase de iniciativas que se presentarán á convocatoria do Instituto de Salud Carlos III e que, a pesar de conseguir unha avaliación positiva, non obtiveron fondos*
- *Este programa, incluído no Plan de reactivación económica de Galicia, permite a contratación de 43 investigadores*
- *Con esta nova liña, o Goberno autonómico leva destinados 14 M€ a apoiar a I+D+i nos organismos de investigación galegos na busca de medidas que apoiem a súa actividade e que poidan conter a propagación da enfermidade*

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, destinará preto de 3 M€ a financiar o desenvolvemento dun total de 15 proxectos de investigación galegos para avanzar na loita contra a covid-19, tal e como se informou na reunión desta mañá de Consello.

Esta nova liña de axudas convocouse co obxectivo de recuperar e apoiar aqueles proxectos galegos científicos excelentes que se presentasen á convocatoria realizada polo Instituto de Salud Carlos III (ISCIII) e que, a pesar de conseguir unha avaliación positiva, non obtiveron financiamento por esgotamento de crédito. Estas iniciativas medíronse con máis de 1.400 expresións de interese na convocatoria do ISCIII.

En total, recibirán apoio nove iniciativas de fundacións dedicadas á investigación sanitaria (cinco da Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, dúas da Fundación Profesor Novoa Santos e dúas da Fundación Biomédica Galicia Sur) e seis proxectos das universidades galegas (catro da Universidade de Santiago de Compostela e dous da Universidade da Coruña). Contarán cun total de 3 M€ para desenvolver iniciativas relacionadas coa caracterización clínica e biolóxica da enfermidade, técnicas de diagnose virolóxica rápida, terapias innovadoras e análise masiva de datos orientados ao control epidemiolóxico. As axudas teñen unha intensidade do 100% e os proxectos deberán estar rematados antes do 30 de setembro de 2022.

Con esta nova orde de axudas da Axencia Galega de Innovación (Gai) –que contribúe ademais a consolidar o talento en Galicia, xa que supón a contratación de 43 investigadores–, a Xunta de Galicia continúa co seu compromiso de dar unha resposta á crise sanitaria provocada pola pandemia da covid-19. Deste xeito, a Comunidade está

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

demonstrando que ten capacidade científica para favorecer a investigación de tratamentos e vacinas contra a Covid-19.

Os 15 proxectos seleccionados súmanse ás iniciativas que o Goberno galego está realizando no eido da investigación e a innovación para axudar os organismos de investigación galegos na busca de medidas que apoiem a súa actividade e poidan protexer a saúde das persoas e conter a propagación da enfermidade.

En total, estanse destinando ao redor de 14 M€ en actuacións nesta liña, como o apoio de oito solucións innovadoras promovidas por pemes e universidades galegas transferibles ao sector da saúde, da industria e do comercio; a nova aceleradora de pemes innovadoras Connect-19, especializada na comercialización de solucións fronte á covid-19 que está desenvolvendo vinte proxectos; a colaboración co primeiro *hackaton* virtual o pasado mes de xuño, para crear solucións innovadoras que axuden ao tecido empresarial galego a adaptarse á nova realidade; a extensión en seis meses dos contratos a investigadores predoutorias e posdoutorais; o convenio coas universidades galegas para darlles apoio nas medidas de reforzo e mellora da investigación e docencia; ou as axudas destinadas a proxectos de investigación sanitaria do programa Translaciona covid-19.

Deste xeito, a Xunta segue avanzando no Plan de reactivación económica e consolida a súa aposta pola I+D+i e por un novo modelo industrial como a mellor fórmula para recuperar a actividade das nosas pemes e dos organismos de investigación e coñecemento, fixar tecido industrial, gañar competitividade e crear postos de traballo de calidade.



## A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA XUNTA PARA 2020 SERÁ COMO MÍNIMO DE 7.380 PRAZAS, A MAIOR DOS ÚLTIMOS 12 ANOS

- *A oferta global da Xunta medra un 43% respecto do exercicio 2019 e o Goberno galego volve esgotar ao máximo o número de prazas que pode ofertar*
- *Na Administración xeral, a oferta de emprego ascende a 2.741 prazas*
- *Ademais, inclúese a posibilidade para 3.263 laborais fixos de converterse en persoal funcionario a través dos novos procesos de funcionarización*
- *Na sanidade ofertaranse un total de 985 prazas*
- *No ensino público, a oferta de 3.654 prazas xa foi aprobada polo Consello da Xunta e está en execución*

A oferta de emprego público (OEP) da Xunta de Galicia para o ano 2020 será como mínimo de 7.380 prazas, a maior dos últimos 12 anos e cun incremento do 43% respecto á oferta do ano 2019, xa que a Xunta volve esgotar ao máximo o número de prazas que legalmente pode ofertar.

No eido da Administración xeral, a oferta de emprego público ascende a 2.741 prazas, das cales 2.346 serán de acceso libre e as outras 395 prazas resérvanse para procesos de promoción interna do persoal funcionario da Administración. Destas 2.741 prazas, 1.215 correspóndense co proceso de estabilización e consolidación do persoal do Consorcio de Igualdade e Benestar. Un ano máis, a Xunta priorizará a cobertura estable de prazas nos centros de servizos sociais e de atención ao cidadán.

A esta oferta sumaranse outras 3.263 prazas para os novos procesos de funcionarización voluntaria do persoal laboral fixo, que dan continuidade ás máis de 1.400 prazas xa ofertadas nos dous últimos anos. Trátase dun proceso moi demandado polos empregados públicos e ao cal solicitou acollerse o 95% do persoal laboral fixo. Estes procesos foron pactados por primeira vez no Acordo de concertación social asinado entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais Comisións Obreiras e UXT-Galicia.

### Sanidade

Na sanidade pública, a Xunta de Galicia propón unha oferta de emprego público de 985 prazas. A oferta inclúe 652 prazas de persoal médico nas áreas de máxima prioridade: pediatras de atención primaria, médicos de familia, médicos de urxencias e médicos do 061, así como facultativos de atención hospitalaria das diferentes especialidades. Esta é a maior oferta de emprego de persoal facultativo desde o ano 2001. Ademais, tamén se ofertarán 275 prazas de enfermaría, fisioterapia, terapeuta ocupacional e persoal técnico en farmacia; 46 prazas nas categorías de xestión e servizos e 12 prazas de persoal sanitario da escala de saúde pública e administración sanitaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

Tamén se potenciará a cobertura dos postos de traballo nos centros con máis dificultades de persoal. Para iso, a Consellería de Sanidade incluírá nos seus baremos puntuación específica por prestar servizos nos hospitais comarcais de difícil cobertura e nos centros sanitarios illados do sistema público de saúde de Galicia.

**Ensino**

Finalmente, a oferta de emprego público da Xunta para 2020 complétase coas 3.654 prazas correspondentes ao ensino público, 2.036 son de acceso libre e 1.618 prazas de promoción interna. Esta oferta de emprego xa foi aprobada polo Consello da Xunta e está en execución.

Unha vez analizada esta proposta no Consello da Xunta, nas vindeiras semanas completárase o proceso de negociación nos diferentes órganos de representación de persoal. Posteriormente, o decreto con cada oferta será publicado no *Diario Oficial de Galicia*, o que permitirá avanzar nas convocatorias de cada proceso selectivo.

**Taxas de reposición**

A oferta de emprego público para o ano 2020 podería ser aínda maior se a Administración estatal atendese as peticións reiteradas da Xunta de Galicia de eliminar as taxas de reposición de efectivos actualmente vixente.

Deste xeito, Galicia podería ofertar todas as prazas que requiren as necesidades asistenciais e non soamente as vacantes xeradas por xubilacións ou falecementos. Por exemplo, se o Estado eliminase as taxas de reposición, a oferta pública de emprego do Servizo Galego de Saúde para 2020 podería acadar a cifra de 3.500 prazas para a súa cobertura con profesionais estables no sistema sanitario público de Galicia, o que significaría a maior oferta de emprego sanitaria desde 2001.

A Xunta de Galicia solicitou en reiteradas ocasións a eliminación deste mecanismo de limitación das ofertas de emprego público. De feito, só este ano o Executivo galego pediu a súa desaparición na Comisión de Coordinación de Emprego Público, na Conferencia Sectorial de Emprego Público e no Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF). Desde Galicia continuarase a solicitar a eliminación deste mecanismo que impide a plena estabilización dos cadros de persoal autonómicos.



## O CONSELLO DA XUNTA INFORMA SOBRE A DECLARACIÓN DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO BURIZ E DOS VILARES, A PRIMEIRA ARI DE GUITIRIZ

- *Esta nova ARI nas parroquias do Buriz e Os Vilares comprende seis núcleos rurais e están inventariadas unhas 234 construcións, das cales un 40% son vivendas e, dentro delas, un 80% son de tipoloxía tradicional*
- *Atesoura elementos singulares como as escolas habaneiras no Buriz e Os Vilares, ademais da escola rural de Drada, así como a casa natal do poeta Díaz Castro en Vilariño dos Cregos*
- *A xestión da ARI é competencia do concello, que deberá solicitar participar nos fondos da liña de axudas, asinar un convenio coa Xunta de Galicia e co Ministerio e convocar as subvencións, co fin de que os incentivos cheguen aos veciños*
- *Galicia conta con 70 áreas de rehabilitación declaradas nun total de 42 concellos e tres ARI supramunicipais -xestionadas directamente polo IGVS-: ARI dos Camiños de Santiago, ARI das Illas Atlánticas e ARI da Ribeira Sacra*

O Consello da Xunta de Galicia foi informado da declaración da área de rehabilitación integral do Buriz e Os Vilares, no concello de Guitiriz, a primeira que se declara neste concello da provincia lucense.

Trátase dun ámbito formado polas parroquias do Buriz e Os Vilares, onde se localizan os núcleos singulares de Bustelo e o asentamento polinuclear (Carelo-As Penas-Portelo-Forxa-O Buriz-A Graña), situado na contorna parroquial de San Pedro, na parroquia do Buriz; e das Reixas, Drada, Vilariño e Casanova de Vilariño na parroquia dos Vilares. Abarca unha superficie de 65.48 km<sup>2</sup>.

No ámbito da área de rehabilitación existen 234 construcións (vivendas e edificacións auxiliares), das cales un 40% (93) son vivendas e un 80% (74) son de tipoloxía tradicional. Do total de vivendas existentes (93), 19 están abandonadas e 14 só contan con ocupación temporal ao longo do ano; mentres que máis dun 60% das vivendas están ocupadas de forma permanente.

Así, os núcleos de poboación incluídos dentro da ARI contan con construcións de arquitectura tradicional de gran valor, manteñen o trazado tradicional dos seus rúes e corredoiras, polo que a paisaxe cultural está xerada polo sistema agrario tradicional, que se manifesta nas construcións adxectivas e peches realizados coa técnica de "pedra seca" recoñecida como patrimonio cultural inmaterial da humanidade pola UNESCO.





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Outro elemento singular é a presenza de escolas habaneiras no Buriz e Os Vilares, ademais da escola rural de Drada; así como a casa natal do poeta Díaz Castro (ao que se lle dedicou o Día das Letras galegas no ano 2014), situada en Vilariño dos Cregos. Este último núcleo é o que articula todos demais núcleos incluídos na ARI, reforzada polo desenvolvemento da Ruta da Pedra de Díaz Castro.

Grazas á declaración desta área de rehabilitación integral, o Concello e os veciños poderán acceder á liña de incentivos que se reserven para a anualidade de 2021 do Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan 2018–2021.

Así, os veciños desta área poderán acceder a subvencións para executar obras de rehabilitación en edificios e vivendas, incluídas as vivendas unifamiliares; tamén se poderán executar melloras da eficiencia enerxética e sustentabilidade nas vivendas e de fomento da conservación, mellora da seguridade de utilización e de accesibilidade en vivendas.

Mentres que o Concello de Guitiriz poderá acceder a eses fondos públicos para levar a cabo obras de urbanización e reurbanización de espazos públicos e os gastos de mantemento de equipos técnicos e oficinas de información e xestión municipais.

Coa declaración desta primeira ARI en Guitiriz, en Galicia existen 70 áreas de rehabilitación declaradas en 42 concellos, ás que se suman as tres ARI supramunicipais -xestionadas directamente polo IGVS- como son a ARI dos Camiños de Santiago, a ARI das Illas Atlánticas e a ARI da Ribeira Sacra.

En total, hai en Galicia 158 concellos en que hai polo menos unha ARI no seu territorio, é dicir, hai ARI declaradas no territorio de máis do 50% dos concellos de Galicia, o que posibilita que os habitantes deses ámbitos poidan acceder a axudas para a rehabilitación dos seus edificios e vivendas.

Por último, desde o Goberno galego destácase que coa declaración destas ARI se lles están a facilitar oportunidades aos cidadáns para mellorar a calidade das súas vivendas, póñense á disposición dos concellos fondos para a execución de actuacións de urbanización e reurbanización no ámbito das ARI e, grazas ao compromiso de todos, avánzase na recuperación e conservación do patrimonio edificatorio dos concellos de Galicia.





## A XUNTA PROMOVE 96 PROGRAMAS DE FORMACIÓN QUE CHEGARÁN A PRETO DE 5.000 PERSOAS DESEMPREGADAS

- *O Goberno galego inviste cerca de 30 millóns de euros na posta en marcha de 62 obradoiros duais e 34 programas integrados de emprego*
- *As persoas beneficiarias, todas elas en situación de desemprego, recibirán cualificación para incrementar as súas oportunidades laborais*
- *Os participantes nos obradoiros duais de emprego recibirán un contrato de traballo de nove meses de duración*
- *Os 34 programas integrados, que se desenvolven en colaboración con concellos e entidades sen ánimo de lucro, atenderán un total de 3.400 persoas sen traballo e desenvolveranse durante doce meses*
- *Incentívase a contratación laboral por parte das entidades que desenvolvan actividades que garden relación co territorio*
- *Oito programas integrados de emprego están destinados exclusivamente a mulleres*

A Xunta de Galicia resolveu a convocatoria de axudas dos obradoiros duais e dos programas integrados de emprego que permitirán subscribir un total de 96 iniciativas para incrementar a formación e as oportunidades laborais de 4.628 persoas desempregadas da Comunidade cun investimento de 29,5 millóns de euros.

En concreto, desenvolveranse 62 obradoiros duais de emprego -cun investimento total de 21,3 millóns de euros, un 11% máis que a convocatoria anterior- e 34 programas integrados -dotados con 8,2 millóns de euros- que incrementarán as oportunidades laborais das galegas e galegos.

Os obradoiros duais -dirixidos aos concellos- favorecerán a formación e darán acceso a un contrato de traballo ao longo de nove meses a 1.228 persoas a partir de decembro. A Xunta valorará a relación do obradoiro co tecido empresarial do territorio onde se insire así como as súas posibilidades de inserción laboral. Neste sentido apoiaranse as entidades promotoras -concellos, mancomunidades ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a eles- co obxectivo de que os alumnos e as alumnas poidan contar cun contrato laboral nunha empresa da contorna durante un mínimo de tres meses a xornada completa.

Entre estas actividades destacan once obradoiros duais para a formación en certificados de profesionalidade na especialidade forestal, oito destinados á conservación, reforma e posta en valor das rutas do Camiño de Santiago, e outros tres promovidos polos concellos que inclúen no seu territorio áreas declaradas reserva da biosfera.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Os obradoiros duais son programas mixtos de emprego e formación que teñen por finalidade ocupar a persoas desempregadas mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado a realización dun traballo efectivo que incida na súa cualificación e favoreza unha posterior inserción laboral.

### **Programas integrados de emprego**

En canto aos programas integrados de emprego -dirixidos aos concellos e a entidades con personalidade sen ánimo de lucro- garantirán a formación dun total de 3.400 persoas desempregadas por un período de doce meses. Comezarán a impartirse este mesmo mes.

Sete dos programas integrados levaranse a cabo por concellos e outros 27 corresponden a entidades sen ánimo de lucro. Do total, oito programas están destinados exclusivamente a mulleres co obxecto de que reciban atención específica para a súa incorporación ao mercado laboral. Neste caso, a cualificación dun mínimo de 300 horas está orientada á obtención de polo menos un certificado de profesionalidade.

Tras a resolución das convocatorias, a Xunta levará a cabo a selección dos participantes para os obradoiros e os programas integrados a través das oficinas de emprego. En ambos os dous casos terán prioridade neste proceso mulleres, as vítimas de violencia de xénero, persoas con discapacidade, en risco de exclusión social e parados de longa duración, entre outros.

**A XUNTA IMPULSA A FORMACIÓN DE 6.000 DESEMPREGADOS EN EMPRESAS CON 400 CURSOS Á MEDIDA DAS NECESIDADES DO MERCADO LABORAL**

- *A Consellería de Emprego e Igualdade resolveu a quinta convocatoria das unidades formativas para persoas desempregadas cun orzamento de máis de 10 millóns de euros*
- *Dos 5.981 alumnos e alumnas que recibirán en 38 empresas unha cualificación especializada adaptada á realidade das compañías galegas, o 40% como mínimo obterán un contrato, o que equivale a 2.392 galegos*
- *Desde a súa posta en marcha en 2018, a Xunta destinou a este programa, co que se financia o 100% das accións formativas, máis de 21,3 millóns de euros, o que permitiu o desenvolvemento de 845 cursos e formar preto de 12.500 alumnos*
- *A iniciativa permitiu a inclusión de 60 novas especialidades no catálogo formativo do Servizo Público de Emprego Estatal por proposta do tecido empresarial galego*
- *A actuación enmárcase na Axenda 20 coa que a Xunta está impulsando o emprego estable e de calidade*

O Goberno galego porá en marcha nas próximas semanas 401 unidades formativas en 38 empresas galegas para cualificar á carta preto de 6.000 persoas desempregadas. O Consello da Xunta informou hoxe da resolución da convocatoria deste programa no cal a Consellería de Emprego e Igualdade investirá máis de 10 millóns de euros.

Esta iniciativa, coa que se financia o 100% da formación, permitirá atender as demandas do tecido empresarial galego, xa que a Administración autonómica apoia unha formación adaptada e axustada ás súas necesidades. Este programa, o primeiro do Estado que ofreceu formación á carta dirixido ás empresas, permitiu desde a súa posta en marcha en 2018 a cualificación especializada de preto de 12.500 persoas desempregadas a través de 845 cursos e un investimento que supera os 21,3 millóns de euros. Así, 5.000 alumnos e alumnas puideron obter un contrato de traballo ao finalizar a formación.

As unidades formativas en empresas para desempregados e desempregadas inclúe por parte do tecido empresarial un compromiso de contratación de polo menos o 40% dos alumnos e alumnas que participen na medida. Así, a Xunta de Galicia apoiará as compañías nas contratacións cando superen o compromiso fixado do 40%, é dicir, como mínimo, 2.392 galegos e galegas.

Os contratos indefinidos financiaranse con axudas de entre 7.000 e 16.000 euros. As contías máximas outórganse para os colectivos con especiais dificultades para atopar un emprego como son os parados de longa duración, persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social, mulleres, maiores de 45 anos e emigrantes retornados.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

Tamén se bonifica con máis apoio nas contratacións cando a empresa está situada no rural galego.

Por proposta das propias firmas deseñáronse 19 programas de formación á carta que foron aprobados polo Estado. Así, grazas á iniciativa da Xunta, haberá 19 novos itinerarios formativos adecuados ás necesidades produtivas que agora terán validez en toda España, que se suman aos 41 da anterior convocatoria. Deste xeito, esta iniciativa permitiu a inclusión de 60 novas especialidades, por proposta do tecido empresarial galego, no catálogo formativo do Servizo Público de Emprego Estatal.

Os principais sectores onde se impartirá formación á carta para desempregados son a automoción, con máis de 4.000 prazas; a industria alimentaria, con 630 prazas, e os servizos socioculturais con 400 alumnos. Entre as compañías onde se impartirán os cursos destacan PSA, Coren ou Frigoríficas del Louro.

Xunto coas unidades formativas para desempregados, a Xunta tamén desenvolve un programa similar dirixido a traballadores. Nos dous casos ofrécese formación á carta, adaptada ás necesidades que require o mercado de traballo actual. As dúas iniciativas forman parte da Axenda 20 para o emprego, coa que a Xunta está impulsando unha inserción laboral de calidade.

## A XUNTA REFORZA O HORARIO DE ATENCIÓN DOS SETE PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR DE GALICIA PARA AMPLIAR A SÚA ACTIVIDADE CON GARANTÍAS SANITARIAS

- *Estes servizos pasan a funcionar os sete días da semana, cando ata agora estaban dispoñibles de mércores a domingo*
- *Os puntos de encontro garanten o cumprimento do réxime de visitas cando os proxenitores están nun proceso de separación e tamén posibilitan que os menores tutelados manteñan o contacto coas súas familias biolóxicas*

O Consello da Xunta coñeceu o reforzo do horario dos puntos de encontro familiar (PEF), que se amplía para pasar a funcionar os sete días da semana, xa que ata agora estaban dispoñibles de mércores a domingo. Con esta medida a Xunta busca aumentar o número de encontros que se realizan semanalmente nestes centros, respectando sempre as medidas de prevención fronte á covid-19.

Galicia conta con sete PEF, un en cada unha das cidades, nos cales se dá cumprimento ao réxime de visitas de familias en procesos de separación e tamén se garante que as nenas e nenos tutelados pola Administración autonómica poidan manter o contacto coas súas familias biolóxicas. Este servizo é fundamental para salvagardar os intereses e a protección dos menores a través da atención e a mediación familiar.

O pasado mes de xullo incrementáronse os horarios de atención aos usuarios dos PEF de Vigo, Pontevedra e Santiago de Compostela; mentres que o da Coruña xa viña funcionando os sete días da semana. Agora, desde o día 1 deste mes de novembro, esta ampliación tamén é efectiva nos PEF de Ferrol, Lugo e Ourense.

A Xunta de Galicia leva 20 anos apostando por este servizo, que se foi ampliando e mellorando ano tras ano. Na actualidade destínanse máis de 700.000 euros ao mantemento destes puntos de encontro, cinco veces máis do que investía nos seus inicios.



## O PLAN FORESTAL DE GALICIA PREVÉ O INVESTIMENTO PÚBLICO E PRIVADO DE 4.900 MILLÓNS DE EUROS NO MONTE GALEGO ATA O ANO 2040

- *O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre a primeira revisión deste plan, que está previsto que entre en vigor no primeiro semestre de 2021*
- *O documento, que se está a ultimar na procura dun amplo consenso sectorial e da sociedade galega en xeral, establece unha proxección do monte do futuro para o período 2021-2040, con obxectivos e indicadores concretos*
- *Algúns dos fins propostos pasan por acadar as 425.000 hectáreas de superficie ocupada por frondosas autóctonas e unha redución da superficie con presenza de eucalipto do 5% ao final do período*
- *O control das especies invasoras, o fomento da multifuncionalidade ou a regulación do seu uso sociorecreativo son outras liñas de traballo*

O Plan forestal de Galicia (PFG) prevé un investimento de 4.900 millóns de euros no monte galego ata o ano 2040, incluíndo tanto fondos públicos como financiamento privado dos titulares ou xestores do monte. Esta é unha das grandes cifras do documento, cuxa primeira revisión foi avaliada hoxe polo Consello da Xunta que coñeceu un informe da Consellería do Medio Rural sobre o asunto. A partir de agora, a revisión -que terá finalmente forma de decreto- continuará a súa tramitación ambiental e remitirase ao Consello Forestal de Galicia e ao Parlamento, cumprindo así o compromiso adquirido no seo da Comisión parlamentaria forestal. Tras os trámites preceptivos, o plan será aprobado definitivamente polo Consello da Xunta.

O documento, que se elaborou dando cumprimento ás recomendacións do ditame da Comisión Forestal do Parlamento, estase a ultimar baixo a premisa de acadar un amplo consenso sectorial e da sociedade galega en xeral. Establece unha proxección do monte do futuro para o período 2021-2040, cunha serie de grandes obxectivos e indicadores.

### Obxectivos concretos

Unha das principais liñas pasa por promover a rexeneración natural de frondosas caducifolias, ata chegar a unha superficie total ocupada por estas masas autóctonas de 425.000 hectáreas en 2040. Ademais, a superficie de frondosas obxecto de xestión activa mediante tratamentos silvícolas incrementarase desde as 5.000 ha no primeiro quinquenio ata as 20.000 ha no último. Pola súa banda, o programa de recuperación de bosques de ribeira abranguerá outras 20.000 hectáreas.

No caso concreto do castiñeiro, o PFG contempla un programa estratéxico para contribuír á conservación e posta en valor desta especie, con actuacións en 8.000 hectáreas deica o ano 2040 para recuperar soutos tradicionais en produción mediante





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

medidas de rehabilitación. Así mesmo, prevese crear novos soutos tanto para a produción principal de castaña como para xerar madeira, cada unha das liñas con 8.000 hectáreas de actuación. Con estas accións, búscase apoiar o sector viveirista, incrementar tanto a produción de castaña como a súa calidade, aumentar a superficie de castiñeiro para madeira e mellorar a competitividade das empresas do sector, cunha maior intensidade nas accións durante o primeiro quinquenio.

En relación co eucalipto, márcanse programas de actuación e iniciativas que contribúan unha redución da superficie con presenza de eucalipto do 5% ao final do período. Para iso, priorizarase a mellora da xestión e a produtividade das masas de eucalipto xa existentes, reforzarse o control das novas plantacións e aplicarase un programa de transformación de eucaliptais degradados. Así mesmo, potenciarase a silvicultura do eucalipto e reducirase a combustibilidade das masas mediante a xestión activa, incrementando tanto a taxa de aproveitamento da especie como a certificación e as iniciativas de xestión conxunta. Así, dentro desa redución, un total de 20.000 hectáreas converteranse en masas doutras especies.

O obxectivo é que no 2040 Galicia conte cunha superficie menor de eucaliptais, mediante a transformación en plantacións doutras especies. Paralelamente, mellorarase a produtividade naquela superficie na que se circunscriban as masas de eucalipto, incrementando a taxa de aproveitamento co obxectivo de alcanzar un 90% do crecemento corrente anual. Así, cunha menor superficie de eucalipto, a produtividade das masas vai ser maior como consecuencia das medidas adoptadas. Así, preténdese que as actuacións silvícolas supoñan unha transformación na estrutura dos combustibles forestais dos eucaliptais de produción, cunha tripla estratexia: a redución da carga de combustible potencialmente dispoñible nos meses de alto risco, a conversión en determinadas áreas a outras especies ou formas de cultivo, e o illamento coa ruptura da continuidade de grandes superficies de combustible.

En base nestas premisas establécese, por exemplo, o obxectivo de mobilizar os recursos madeireiros que permitan atender, como recurso de proximidade, as demandas da actividade industrial ligada á madeira e á biomasa. Así, márcase un incremento da mobilización de recursos madeireiros cunha taxa global de extracción de todas as especies (incluída a conífera) de xeito tal que pase do 60% ata o 70% da posibilidade, cunhas cortas anuais de ata 12 millóns de metros cúbicos ao remate do período, unha cifra que arestora se sitúa en algo máis de 9 millóns.

En relación coas coníferas, especialmente o piñeiro, no plan recóllese fomentar a través de liñas de axuda as repoboacións e reforestacións de alta calidade xenética, incrementando mediante esta vía a superficie que ocupan estas especies en 20.000 hectáreas no prazo de 20 anos. Tamén se aplicarán actuacións silvícolas nun total de 50.000 hectáreas de coníferas deica o ano 2040 e irase incrementando a porcentaxe de volume de cortas con destino á serra ou usos estruturais ata un 75% nese tempo.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O control das especies invasoras (especialmente das acacias) mediante un programa de control que abranguerá 1.000 hectáreas en total, o fomento da multifuncionalidade do monte ou a regulación do seu uso sociorecreativo son outras liñas de traballo.

Outro programa destacado, xunto coa mellora da xenética forestal, é o dos chamados "montes protectores". Trátase de inventariar e rexistrar aqueles montes ou terreos forestais que teñan un especial carácter protector do solo e regulador do ciclo hidrolóxico. Así, planifícase a creación e inscrición de montes protectores, para chegar a un total de 90.000 hectáreas amparadas por esta figura no horizonte do plan. Todo isto, cun aumento progresivo da superficie forestal xestionada con criterios de protección (incluíndo a que adquira a Administración, a xestionada por contratos de xestión pública ou a de xestión privada), chegando no ano 2040 ata as 130.000 hectáreas. Ademais, porase en marcha un programa de conservación de recursos xenéticos que abranguerá 15.000 ha e promocionarase o uso social ou turístico do monte mediante o establecemento dunha rede de infraestruturas verdes en contornas urbanas e en zonas de especial interese paisaxístico de forma progresiva, actuando en 25.000 hectáreas deica o ano 2040.

No ámbito da saúde e vitalidade do monte, o PFG intensifica os traballos de loita biolóxica contra a avespiña ou o cancro do castiñeiro, así como fronte ao gorgullo do eucalipto, a praga dos ameneiros ou a procesionaria do piñeiro, entre outras doenzas, uns traballos que se levarán a cabo en función do avance dos organismos.

Outra liña de traballo é a mobilización das terras agrarias infrutilizadas ou abandonadas -especialmente mediante proxectos liderados por agrupacións forestais de xestión conxunta-, para recuperar o rural e fixar poboación nas aldeas, apoiando as explotacións resultantes mediante incentivos fiscais, axudas directas ou de discriminación positiva. Para isto, en 20 anos, actuarase en 150.000 hectáreas ao abeiro de proxectos de mobilización de terreos agroforestais e mobilizaranse outras 35.000 ha de terras forestais mediante actuacións de xestión conxunta, creando unha liña potente e consolidada de superficie baixo algún tipo de figura de xestión conxunta para chegar ás 150.000 ha en 2040.

### **Outros aproveitamentos forestais**

Dentro do fomento dos recursos forestais non madeireiros, porase en marcha un programa de aproveitamento de pastos e forraxes en monte e de establecemento de sistemas silvopastorais e concretarase como obxectivo final chegar ás 225.000 hectáreas de superficie para esta actividade en toda Galicia en 2040.

O fomento de proxectos de ordenación de montes e instrumentos equivalentes de xestión forestal sustentable é un eido que tamén se aborda no plan. Deste xeito, márcase como obxectivo chegar a unha superficie total ordenada ao final do plan de



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

850.000 hectáreas. Delas, procurarase que cando menos 650.000 dispoñan da certificación forestal mediante calquera dos sistemas recoñecidos internacionalmente. Así mesmo, prevese que a superficie rexistrada de silvicultores activos sexa de 360.000 hectáreas en 20 anos, co apoio de 50 millóns de euros.

Outro ámbito de actuación é o da cadea monte-industria. Vaise incidir na súa modernización e en procurar que sexa altamente cualificada, produtiva e que elabore produtos de madeira ou baseados en madeira cun alto valor engadido. Farase mediante iniciativas coma o programa de divulgación e comunicación da cultura forestal, con, entre outras, 250 accións de formación e profesionalización de propietarios e/ou xestores de montes nos seguintes 20 anos. Tamén, cun programa de fomento da investigación, desenvolvemento e innovación forestal dotado con 135 millóns de euros en todo o período de vixencia e promovendo a cooperación e coordinación para a mellora da formación forestal universitaria e profesional en Galicia.

### **Novo marco legal de protección e extinción de incendios**

No marco do PFG, prevese ter lista na primeira metade desta lexislatura unha nova lexislación en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, un proceso totalmente participativo.

Ademais, revisaranse e actualizaranse os plans de defensa e prevención dos incendios forestais dos distritos e elaboraranse un inventario da rede de faixas de xestión de biomasa forestal. Así mesmo, elaboraranse anualmente o Plan preventivo que integre as actuacións dos medios propios e contratados nos montes de xestión pública, nos perímetros de alto risco (PARI), no marco dos convenios coa Administración local e nas accións subsidiarias en cumprimento da lexislación vixente, por exemplo, nas franxas secundarias. A previsión é actuar nunhas 120.000 hectáreas deica 2040.

A maiores, elaboraranse de xeito participativo un plan plurianual para a definición das instalacións, dos equipamentos e dos recursos necesarios para as sedes de distrito, talleres, almacéns, garaxes, puntos de encontro, puntos de vixilancia e bases de medios aéreos, recollendo as necesidades de equipamentos persoais, de parque móbil e de recursos tecnolóxicos e informáticos.

Canto á colaboración coas entidades e administracións locais, impulsarase o convenio para a xestión das faixas secundarias, reforzaranse os destinados a ter dispoñibles as brigadas de prevención/extinción e os camións de extinción, integraranse os convenios para a limpeza de marxes de pistas municipais e seguiranse elaborando e actualizando os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais. En relación coas tarefas preventivas en parroquias priorizadas, continuarase incidindo na xestión de biomasa nas faixas secundarias, actuando nas 10 ha que pode solicitar anualmente cada concello en virtude das accións subsidiarias e nos 10 km anuais que poden



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

solicitar a maiores para ter limpas as vías de titularidade municipal. Neste capítulo, prevese un investimento de 200 millóns de euros ata 2040, para acadar as 20.000 ha de accións subsidiarias, os 20.000 km de vías municipais con xestión de biomasa, as 20.000 ha de faixas secundarias priorizadas xestionadas e o 100% dos concellos adheridos con Plan preventivo.

